

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

NOVELA EN GALEGO

Inma López Silva, premio Arcebispo San Clemente

Foi escollida, xunto con Ignacio M. Pisón e Henning Mankel, como gañadores deste galardón que entregan os propios alumnos de secundaria.

Redacción - 17:45 22/06/2009

Memoria de cidades sen luz, de Inma López Silva. Esta foi a obra gañadora do XV Premio Arcebispo San Clemente na modalidade de novela en galego. Tivo que competir coas novelas finalistas: *Conexión Tubinga* de Alberto Canal e *O xardín das pedras flotantes* de Manuel Lourenzo.

Este premio, que está convocado polo [Instituto Rosalía de Castro](#) de Santiago de Compostela, ten a particularidade de que son os propios alumnos de secundaria os que len e escollen as obras gañadoras do galardón, dotado con tres mil euros en cada unha das modalidades. O xurado estivo formado polos estudantes dos institutos de educación secundaria Rosalía de Castro de Santiago, [Xesús Ferro Couselo](#) de Ourense, [María Soliña](#) de Cangas (Pontevedra), [Poeta Díez Castro](#) de Guitiriz (Lugo) e o [IES nº1 de Ribeira](#) (A Coruña).

Castelán e lingua estranxeira

Na categoría de novela en castelán o premio correspondeulle a Ignacio M. Pisón, pola súa obra *Dientes de leche*. Resultou elixida entre todas as finalistas: *El día de hoy* de Alejandro Gándara e *La casa de Dostoievsky* de Jorge Edwards.

No caso do obra en lingua estranxeira, as tres finalistas foron *Chesil Beach* de Ian McEwan, *Tren nocturno a Lisboa* de Pascual Mercier e *O chinés*, de Henning Mankel, que resultou finalmente gañador.

Novas relacionadas

- [A AELG entregou os seus premios anuais na Cea das Letras](#)
- [A peneira dos escritores para a primavera literaria](#)
- [O exilio alén da literatura](#)
- [Roberto Pascual toma a remuda na Mostra de Ribadavia](#)
- [Todas as cidades de Inma López Silva](#)